

BO E XENEROSO Os escritores galegos reivindicán a figura de Francisco Fernández del Riego como "líder da reconstrución da cultura de Galicia"

"Músculo da nación"

Freixanes di que en breve sairá publicado un libro inédito sobre as súas viaxes a Francia e París

Maite Gimeno · Vigo

Construtor da nación galega e líder da reconstrución da cultura de Galicia. Así foi reivindicada onte en Vigo a figura do intelectual Francisco Fernández del Riego no acto no que a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) lle entregou á súa irmá Ana María Fernández del Riego a placa conmemorativa que reconece ó intelectual de A Valenzá como Bo e Xeneroso.

Na homenaxe celebrada na Fundación Penzol, que Fernández del Riego dirixiu durante 47 anos, o presidente da asociación Cesáreo Sánchez, asegurou que co premio "queremos dicirle: 'Don Paco, nomeámolo bo e xeneroso porque queremos que saiba que sempre o quixemos pola súa honestidade e polo seu amor a Galicia e que lle queremos dar un abrazo cheo de tenrura porque xeracionalmente somos os seus fillos e netos e queremos dicirle que é o noso orgullo'. Ademais, Cesáreo Sánchez reconeceu a atención do intelectual galeguista cos novos escritores para dar "visibilidade a todos os que comezabamos sen pedirnos contas polo noso pensamento, porque todos eramos necesarios para el" e reclamou a súa figura como un dos "fundadores" da literatura galega.

Encargado da *laudatio*, o escri-



Queixas, pola esquerda, Domínguez, Freixanes, Sánchez e a irmá de Fernández del Riego

D'EPICHE

Lectura de textos do intelectual

A Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega pechou este acto de homenaxe que tivo lugar en Vigo coa lectura de textos de Francisco Fernández del Riego a cargo de Malores Villanueva e Francisco Castro.

tor e director da editorial Galaxia, Víctor Freixanes, afirmou que Fernández del Riego, como "músculo da nación dos galegos", ademais dunha das grandes figuras das letras e da historia contemporánea, ocupa un lugar capital na historia de Galicia e érguese como referencia ineludible do que somos, dos que a súa xeración, a pesar das dificultades, conseguiron que fóssemos o que somos. Estamos ante unha vida dedicada á causa de

Galicia", afirmou. Para Freixanes, Fernández del Riego tamén ocupa un lugar "fundamental" na historia da edición de Galicia, asegurando que sen el "non é posible entender o que somos agora".

O director de Galaxia anunciou que en pouco tempo será publicado o libro inédito de Francisco Fernández del Riego sobre as súas viaxes a Francia e a París, que levará por título *Crónica viaxeira, memoria de xornalista*. ●